

**creativa**  
INDUSTRIA CULTURAL  
GALICIA - NORTE DE PORTUGAL

## Filminho 2010: Fronteiras do Cinema

19 A 26

SETEMBRO 2010

GOIÁN (TOMIÑO)

VILA NOVA DE CERVEIRA

## RETROSPECTIVA DE CARLOS VELO



SÁBADO | 25  
Auditorio de Goián | 18h30

**LA CIUDAD Y EL CAMPO (1934)**  
**ALMADRABAS (1934)**  
**GALICIA (FINIS TERRAE) (1936)**  
**TIERRA DEL CHICLE (1952)**  
**UNIVERSIDAD COMPROMETIDA (1973)**  
*Margarita Ledo Andión*  
*Miguel Anxo Fernández*

DOMINGO | 26  
Cine-Teatro de Cerveira | 17h00

**TORERO (1956)**

Esta é unha retrospectiva inédita e imprescindible dun dos nomes máis importantes do cine galego (e mexicano). Foi contemporáneo de Luis Buñuel, con quen estableceu contacto po vía da súa formación académica, en bioloxía, nun encontro fortuito e lexendario, xa que foi o responsable pola aparición das formigas da célebre cea de Un Chien Andalou.

Data, por isso, do inicio dos anos 30 do século pasado a paixón de Velo polo cine, o que o levou a fundar un cineclub, o FUE (Federación Universitaria Escolar), onde acaba por coñecer a Federico García Lorca. En 1934 realiza os seus primeiros documentais -Almadrabas e La Ciudad y el Campo, ambos presentes nesta retrospectiva.

Co estoupido da Guerra Civil, Velo tenta fuxir para Portugal, despois para Francia e acaba exiliado en México. Na década seguinte, tórnase máis prolífico na realización e tamén na produción. Con Buñuel, viría a ter un papel relevante no renacemento do cine mexicano. O punto máis alto da súa carreira acaba por ser outro dos filmes presentes este ano no Filminho-Torero, de 1956 que gaña premios en Cannes e Venecia, chegando a ser seleccionado para un Oscar. É igualmente Carlos Velo o primeiro en levar ao cine a novela de Juan Rulfo, Pedro Páramo.

A obra de Velo encóntrase dispersa entre España e México, o que aumentou as dificultades a un festival da nosa dimensión, máis as obras a exhibir e a documentación recollida, deixáanos particularmente felices polos resultados obtidos e o público terá unha oportunidade única de coñecer esta fascinante figura do cine galego, español e mexicano.

Esta retrospectiva ten o apoio das filmotecas de España e de México e as sesións serán acompañadas por académicos da Universidade de Santiago de Compostela.

